

ACTA NÚM. 12 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA 26 DE XULLO DE 2018.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10:05 horas** do día **26 de xullo de 2018**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria e urxente.

A S I S T E N:

Don Martiño Noriega Sánchez, **alcalde-presidente**.

Concelleiros/as:

Compostela Aberta (CA):

Dona María Rozas Pérez.
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez.
Dona Branca Petra Novo Rey.
Don Xan Xesús Duro Fernández.
Dona Concepción Fernández Fernández.
Don Manuel Díos Díz.
Dona Marta Irene Lois González.
Don Rafael Peña Vidal.
Dona Noa María Morales Sánchez.

Partido Popular (PP):

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas.
Dona María José Castro Carballal.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona María José Corral López.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Don Claudio Ricardo Montiel Carracedo.

Partido Socialista de Galicia (PSdeG-PSOE):

Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.

Bloque Nacionalista Galego (BNG):

Don Rubén Cela Díaz.

Dona María Goretti Sanmartín Rei.

José Ramón Alonso Fernández, **secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asisten as concelleiras, Dona M^a Teresa Cancelo Márquez e Dona María Milagros Castro Sánchez.

O R D E DO D Í A:

1. Ratificación da urxencia da sesión.

2. Toma posesión do cargo de concelleiro de Don Antón Barba Pereira (PSdeG-PSOE).

3. Aprobación inicial dos expedientes de suplemento de crédito núm. 2018-SUPLE-03 por importe de 2.102.851,61 euros e de crédito extraordinario núm. 2018-CREXT-04 por importe de 893.900,23 euros financiado con remanente líquido de tesourería para gastos xerais do Concello do exercicio 2017.

Cumpriméntase así:

1. RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

O Pleno da Corporación por 14 votos a favor correspondentes aos concelleiros presentes dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (10 CA, 2 PSdeG-PSOE e 2 BNG), e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros presentes do grupo municipal do Partido Popular, ratifica a uxencia da presente sesión.

2. TOMA POSESIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRO DE DON ANTÓN BARBA PEREIRA (PSDEG-PSOE).

Non se presenta.

3. APROBACIÓN INICIAL DOS EXPEDIENTES DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO NÚM. 2018-SUPLE-03 POR IMPORTE DE 2.102.851,61 EUROS E DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 2018-CREXT-04 POR IMPORTE DE 893.900,23 EUROS FINANCIADO CON REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DO CONCELLO DO EXERCICIO 2017.

O informe proposta da directora de Área de réxime interior e do técnico de orzamentos, que ven coa conformidade da concelleira delegada de economía e facenda, emitido con data 19 de xullo do corrente ano, en relación ao presente asunto ten o seguinte contido:

“I. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

O art. 32 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, dispón:

“32 Destino do superávit orzamentario

1. No caso de que a liquidación orzamentaria sitúese en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución de débeda. (...)

3. A efectos do previsto neste artigo enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública a efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa europea.”

A Disposición adicional sexta da propia Lei 2/2012, orgánica de estabilidade, relativa a

“Regras especiais para o destino do superávit orzamentario, establece ao efecto:

1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás Corporacións Locais nas que concorran estas díus circunstancias:

a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a legislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesouraría positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.

2. No ano 2014, aos efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:

a) As Corporacións Locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, si fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigas pendentes de aplicar ao orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior.

b) No caso de que, atendidas as obrigas citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior mantívésese con signo positivo e a Corporación Local optase á aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional en dito exercicio 2014.

c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación Local tivera un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento sexa financeiramente sustentable. A estes efectos a lei determinará tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financeiramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo.

Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

3. Excepcionalmente, as Corporacións Locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no año 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fora menor, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme ás regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.

4. O importe do gasto realizado de acordo co previsto nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable a efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante a Lei de Orzamentos Xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á coxuntura económica, a prorrroga do prazo de aplicación previsto neste artigo.”

II. XUSTIFICACIÓN DA APLICACIÓN DO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO ANO 2017.

Aos efectos de tramitación deste expediente, e segundo a valoración fixada no informe de intervención 392/2018 de verificación do cumprimento da estabilidade que forma parte do mesmo, o superávit orzamentario axustado aos efectos do redactado no artigo 32 da **Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira** (en adiante LOEPSF) (superávit orzamentario en termos da lei) foi de **8.528.569,48 euros**.

Segundo o fixado no decreto da Concelleira delegada de Economía, Facenda e Administración de 29 de xuño de 2017 de aprobación da Liquidación do Orzamento do Concello de Santiago de Compostela do exercicio 2017, de acordo co informe de intervención 367/2018, o saldo de Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (RLT para GX) do Concello de Santiago foi de **7.885.754,08 euros**.

Neste sentido, e tendo en conta a recente aprobación da liquidación do orzamento xeral do Concello de 2017, e para poder atender de forma urxente o pagamento e aplicación das facturas e demais gastos rexistrados na conta 413 “Acredores pendentes de aplicar ao orzamento” e 555 “Pagos pendentes de aplicar ao orzamento” trámítase este primeiro expediente modificativo de crédito de aplicación do superávit orzamentario da liquidación do exercicio 2017 sen prexuízo de que se tramite posteriormente os que resulten precisos para esgotar a aplicación deste recurso financeiro.

O destino do RLT para GX deberá seguir a orde de aplicación con base os criterios establecidos na DA 6ª da LOEPSF.

Para a aplicación prioritaria do RLT para GX da liquidación do exercicio 2017 débese ter en consideración, en primeiro lugar, o resultado final da evolución dos gastos financiados co RLT para GX do exercicio 2016 que ditaminará o destino preferente deste recurso. Deste xeito, a aplicación do RLT para GX do exercicio 2016 motivado polo destino do superávit orzamentario dese exercicio foi o seguinte:

RESUMO EVOLUCIÓN GASTOS FINANCIADOS CO RLT para GX DO EXERCICIO 2016

	Importe MC RLT	Obrigas recoñecidas	Incorporación Remanentes 2018	Amortización débeda
OPAS (aplicación 413)	1.523.517,55	1.115.539,40		407.978,15
PPA (aplicación 400)	28.220,35	19.311,25		8.909,10
OPAS e PPA AUDITORIO DE GALICIA	9.114,45	0,00		9.114,45
AMORTIZAR DÉBEDA	2.638.036,49	2.638.036,49		0,00
PARA IFS (ANO 2016 E 2017):	3.345.823,28	870.850,20	1.803.132,12	671.840,96
INCORPORACIÓN 2016-2017 IFS	779.393,39	747.429,55		31.963,84
PARA IFS DO ANO 2017	2.566.429,89	123.420,65	1.803.132,12	639.877,12
	7.544.712,12	4.643.737,34	1.803.132,12	1.097.842,66

1.- Aplicación do superávit orzamentario do exercicio 2017 con destino do RLT para GX para dar cobertura á incorporación do remanente afectado procedente da existencia de saldos de autorizado e de comprometido en Investimentos Financeiramente Sustentables (en adiante IFS), cuxa habilitación de crédito financiouuse con cargo ao superávit do exercicio 2016.

Ao abeiro do disposto na D.A. 96ª da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria, prorrogada pola D.A. 96ª da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para 2017, para o que se deberá ter en conta a D.A. 16ª do TRLFL, en cuxo apartado 5 segundo parágrafo prevé:

“No obstante, en el supuesto de que un proyecto de inversión no pueda ejecutarse íntegramente en 2014, la parte restante del gasto comprometido en 2014 se podrá reconocer en el ejercicio 2015 financiándose con cargo al remanente de tesorería de 2014 que quedará afectado a ese fin por ese importe y la entidad local no podrá incurrir en déficit al final del ejercicio 2015”

Con este obxectivo pero máis ampliado, a D.A. 96ª da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para 2017 sinala, respecto do citado apartado 5, a afectación do remanente de tesourería de 2017 á finalización dos IFS non rematados en dito exercicio e que quedaran en fase de autorizado.

“A los efectos del apartado 5 de la disposición adicional decimosexta del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, en el supuesto de que un proyecto de inversión no pueda ejecutarse íntegramente en 2017, la parte restante del gasto autorizado en 2017 se podrá comprometer y reconocer en el ejercicio 2018, financiándose con cargo al remanente de tesorería de 2017 que quedará afectado a ese fin por ese importe y la entidad local no podrá incurrir en déficit al final del ejercicio 2018”

Con base ao antedito, e tendo en conta a evolución do gasto financiado co RLT para GX do exercicio 2016, foi necesaria a aplicación do RLT para GX por un importe de **1.803.132,12 euros** para o financiamento dos saldos de autorizado e de comprometido en IFS financiados en 2017 co superávit do exercicio 2016 aos efectos de proceder a súa incorporación ao exercicio 2018 de conformidade co disposto na D.A. 16^a do TRLRFL e D.A. 96^a da Lei 3/2017. Esta incorporación de remanentes foi aprobada en decreto da Concelleira delegada de Economía e Facenda de data 3 de xullo de 2018 baixo o código de expediente 2018-INCOR-05.

2.- Aplicación do superávit orzamentario do exercicio 2017 con destino do RLT para GX para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes polo importe do superávit orzamentario do exercicio 2016 financiado con RLT para GX que non chegou a obriga recoñecida, tendo en consideración o establecido no apartado anterior.

Con base ao cadro resumo de gastos financiados co RLT para GX do exercicio 2016 detallado con anterioridade, dedúcese que do importe total de aplicación do superávit orzamentario do exercicio 2016 financiado con RLT para GX, é dicir, 7.544.712,12 euros, chegáronse a obrigas recoñecidas 4.463.737,34 euros, sendo necesaria a incorporación de remanentes de créditos afectados procedentes dos saldos de gasto autorizado e comprometido de IFS do ano 2017 por importe de 1.803.132,12 euros, polo que o saldo restante, é dicir, 1.097.842,66 euros, destinarase á amortización de operacións de endebedamento que estean vixentes e que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional.

Deste xeito, e para este exercicio 2018, é necesario aplicar como **suplemento de crédito** na aplicación **030/01100/91300** unha contía final de **1.097.842,66 €**. O seu detalle é o seguinte:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	CX	TIPO MC	IMPORTE
Amortización de endebedamento municipal. Serán, con posterioridade a aprobación do expediente de modificación de crédito, os servizos económicos municipais os que farán a selección de préstamos a amortizar que resulten más favorables para o Concello	9	030 01100 91300	01	SC	1.097.842,66

GASTO TOTAL CAPÍTULO 9	1.097.842,66
TOTAL AMORTIZACIÓN DE OPERACIÓN DE ENDEBEDAMENTO	1.097.842,66
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2017 - Aplicación 87000	

3.- Aplicación do superávit orzamentario do exercicio 2017 con destino do RLT para GX para atender as obrigas e pagos pendentes de aplicar ao orzamento reflectidas nas contas 413 e 555 da liquidación do orzamento do exercicio 2017.

Segundo o establecido na DA 6ª daLOEPSF, e seguindo o recollido no propio informe da intervención xeral á liquidación do Orzamento Xeral do Concello do exercicio 2017, deberá ter como destino prioritario do superávit orzamentario do exercicio 2017 e como aplicación do RLT para GX, o de atender as obrigas e pagos pendentes de aplicar ao orzamento e cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago a acredores contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior. Deste xeito, segundo se desprende do propio informe da intervención, o Concello de Santiago presentaba un saldo de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2017 (facturas en situación de OPA contabilizadas na conta 413) de 1.890.450,06 € e un saldo de pagos pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2017 (pagos en conta contabilizados conta 555) de 10.295,16 €.

- Aplicación do RLT para GX para atender as facturas en situación de OPA recollidas a 31/12/2017 na conta 413.

En relación a esta aplicación do RLT para GX cabe facer as seguintes consideracións:

1.- Do monto total que reflicte o documento de liquidación do orzamento do exercicio 2017 (1.890.450,06 euros), xa foron aprobadas obrigas con cargo a créditos do exercicio vixente, se ben habilítase o crédito pola totalidade do saldo de OPAs, repoñendo crédito en bolsa de vinculación no caso daquelas facturas xa abonadas con cargo a crédito do orzamento actual do exercicio 2018 financiando o RLT para GX as obrigas xa recoñecidas e aprobándose así o seu financiamento definitivo.

2.- Na relación de facturas en situación de OPA contabilizadas na conta 413 figura unha recibida da mercantil AGUAS DE LAS CUENCAS DE ESPAÑA S.A. de importe 433.995,50 euros e baixo o concepto “Mellora EDAR da Silvouta tarifa de explotación 2017” e imputada como OPA na aplicación orzamentaria do capítulo 8 coa codificación 060 16100 82190.

En relación a mesma cabe dicir que no primeiro trimestre deste ano 2018 tivemos coñecemento dun cambio na facturación remitida pola empresa ACUAES -no seo do convenio asinado para a EDAR da Silvouta- que pode ter incidencia na categorización

da natureza económica dos gastos que soportan as facturas e, por extensión, da súa imputación orzamentaria.

Trátase do cambio do tipo de IVE aplicable ás actuacións facturadas. ACUAES comunicoulle ao Concello que, como consecuencia dunha actuación da Administración tributaria, deben de deixar de repercutirlle ao Concello -nas facturas polas melloras da EDAR- o tipo reducido do 10 % -previsto no artigo 91.Un.2.5º da lei 37/1992, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido -LIVE en diante-, para os servizos de recollida e tratamento de augas residuais e de recollida ou tratamento de vertidos de augas interiores ou marítimas- e repercutir o tipo xeral do 21 %.

Das breves explicacións ofrecidas por ACUAES conclúese a dificultade de xustificar a efectiva prestación pola empresa e, consecuentemente, de recepción polo Concello, dos servizos de saneamento que, inicialmente, asociaban ao reintegro dos aboamentos en concepto de “tarifas anticipadas”.

O cambio operado fai que se susciten dúbidas sobre a natureza económica do gasto - cualificado por ACUAES como tarifa anticipada- que deixa de estar vencellado - alomenos dende o punto de vista fiscal do IVE- a un servizo de explotación -considerado no texto do convenio como de aboamento anticipado-.

A cualificación do gasto pola súa natureza, nunha ou noutra categoría -aportación de capital para financiamento de investimentos, gasto corrente de servizos de explotación/mantenemento anticipados ou activo financeiro por concesión de financiamento reintegrable-, repercute na súa imputación orzamentaria, nun capítulo ou noutro -capítulo 7 como achega de capital, capítulo 2 como gasto corrente anticipado con regularización posterior polo devengo efectivo anual ou capítulo 8 como activo financeiro-.

Por todo o antedito, e tendo en conta que o texto do convenio -na cláusula segunda da addenda nº 1, referida á cláusula III.1 do propio convenio- fala expresamente de aportacióndineraria directa para o resto do investimento e que o outro axente público cofinanciador do proxecto -Augas de Galicia-rexistra a súa achega na conta 6560 “Subvencións de capital ao Estado”, por analogía e coherencia co deveño dos acontecementos vencellados á dificultade de considerar a existencia dun servizo efectivo de saneamento, e polo tanto, dunhas tarifas anticipadas por semellante servizo, que motivaran a inclusión inicial das dotacións orzamentarias no capítulo 8, consideramos mais axeitada a esta nova realidade imputar os gastos derivados desta actuación ao capítulo 7 do orzamento municipal, sen prexuízo do criterio técnico que adopte ao respecto a Intervención municipal.

Con base ao antedito, a proposta de habilitación de crédito para esta OPA que se remite para a súa aprobación reflíctese na aplicación orzamentaria de gasto 060 16100 72390

en lugar da aplicación prevista na relación de OPAs aprobadas no documento de liquidación do orzamento do 2017.

3.- Con base nas consideracións anteriores, a proposta de aplicación con carácter prioritario do RLT para GX correspondente á liquidación do orzamento 2017 para atender as facturas en situación de OPA recollidas a 31/12/2017 na conta 413 é a seguinte:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS 2017 (030 13200 15100)	1	030 13200 15100	2018 4 RLTGX 17	43	SC	149.515,56
OPAS 2017 (030 33600 12101)	1	030 33600 12101	2018 4 RLTGX 17	43	SC	85.558,02
OPAS 2017 (030 33600 16000)	1	030 33600 16000	2018 4 RLTGX 17	43	SC	24.584,67
GASTO TOTAL CAPÍTULO 1						259.658,25
OPAS 2017 (010 33402 22699)	2	010 33402 22699	2018 4 RLTGX 17	25	SC	2.899,99
OPAS 2017 (010 33403 22700)	2	030 33403 22700	2018 4 RLTGX 17	37	SC	1.582,68
OPAS 2017 (010 33404 22699)	2	050 33404 22699	2018 4 RLTGX 17	26	SC	2.904,00
OPAS 2017 (010 43200 20300)	2	010 43200 20300	2018 4 RLTGX 17	38	SC	818,50
OPAS 2017 (010 43200 22602)	2	010 43200 22602	2018 4 RLTGX 17	38	SC	23.712,83
OPAS 2017 (010 43200 22699)	2	010 43200 22699	2018 4 RLTGX 17	38	SC	9.017,80
OPAS 2017 (010 49100 22200)	2	060 49100 22200	2018 4 RLTGX 17	44	SC	6.363,15
OPAS 2017 (010 91200 22602)	2	030 91200 22602	2018 4 RLTGX 17	37	SC	25.164,32
OPAS 2017 (010 91200 22706)	2	030 91200 22706	2018 4 RLTGX 17	37	SC	6.737,28
OPAS 2017 (010 91201 22601)	2	010 91201 22601	2018 4 RLTGX 17	38	SC	665,50
OPAS 2017 (010 92000 20400)	2	030 92000 20400	2018 4 RLTGX 17	40	SC	4.265,66
OPAS 2017 (010 92000 22001)	2	060 92000 22001	2018 4 RLTGX 17	42	SC	4.999,99
OPAS 2017 (010 92000 22103)	2	030 92000 22103	2018 4 RLTGX 17	40	SC	8.568,23
OPAS 2017 (010 92000 22201)	2	030 92000 22201	2018 4 RLTGX 17	37	SC	551,76
OPAS 2017 (010 92000 22604)	2	060 92000 22604	2018 4 RLTGX 17	42	SC	9.485,64
OPAS 2017 (010 92000 22701)	2	030 92000 22701	2018 4 RLTGX 17	37	SC	341,32
OPAS 2017 (010 92001 22001)	2	060 92001 22001	2018 4 RLTGX 17	44	SC	24.269,63
OPAS 2017 (010 92001 22706)	2	060 92001 22706	2018 4 RLTGX 17	44	SC	15.963,59
OPAS 2017 (010 92001 22799)	2	060 92001 22799	2018 4 RLTGX 17	44	SC	3.795,71
OPAS 2017 (010 92500 21600)	2	030 92500 21600	2018 4 RLTGX 17	47	SC	17,77
OPAS 2017 (010 92501 22602)	2	010 92501 22602	2018 4 RLTGX 17	38	SC	4.844,27
OPAS 2017 (010 92501 22706)	2	010 92501 22706	2018 4 RLTGX 17	38	SC	9.018,36
OPAS 2017 (020 23100 22699)	2	020 23100 22699	2018 4 RLTGX 17	20	SC	3.343,47
OPAS 2017 (020 23101 22701)	2	020 23101 22701	2018 4 RLTGX 17	17	SC	20.828,97
OPAS 2017 (030 92000 22001)	2	030 92000 22001	2018 4 RLTGX 17	43	SC	50,15
OPAS 2017 (030 93100 22602)	2	030 93100 22602	2018 4 RLTGX 17	01	SC	3.815,13
OPAS 2017 (030 93200 22000)	2	030 93200 22000	2018 4 RLTGX 17	45	SC	1.281,24
OPAS 2017 (030 93200 22699)	2	030 93200 22699	2018 4 RLTGX 17	45	SC	629,54
OPAS 2017 (040 33000 22699)	2	040 33000 22699	2018 4 RLTGX 17	23	SC	11.936,00
OPAS 2017 (040 33403 21200)	2	020 33403 21200	2018 4 RLTGX 17	26	SC	417,45
OPAS 2017 (040 33403 22699)	2	020 33403 22699	2018 4 RLTGX 17	26	SC	22.481,80
OPAS 2017 (040 33403 22799)	2	020 33403 22799	2018 4 RLTGX 17	26	SC	79.612,07
OPAS 2017 (040 33800 20300)	2	040 33800 20300	2018 4 RLTGX 17	29	SC	525,00
OPAS 2017 (040 33800 22699)	2	040 33800 22699	2018 4 RLTGX 17	29	SC	49.146,92

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
OPAS 2017 (040 33800 22706)	2	040 33800 22706	2018 4 RLTGX 17	29	SC	62.740,93
OPAS 2017 (050 15102 22699)	2	050 15102 22699	2018 4 RLTGX 17	07	SC	399,30
OPAS 2017 (050 15103 22699)	2	050 15103 22699	2018 4 RLTGX 17	08	SC	43,65
OPAS 2017 (050 15320 21000)	2	100 15320 21001	2018 4 RLTGX 17	09	CE	131,65
OPAS 2017 (050 33600 22699)	2	050 33600 22699	2018 4 RLTGX 17	28	SC	6.452,19
OPAS 2017 (060 13300 22201)	2	060 13300 22201	2018 4 RLTGX 17	03	SC	26.017,31
OPAS 2017 (060 13600 21300)	2	060 13600 21300	2018 4 RLTGX 17	05	SC	520,30
OPAS 2017 (060 16500 22100)	2	060 16500 22100	2018 4 RLTGX 17	12	SC	474,80
OPAS 2017 (060 16500 22709)	2	060 16500 22709	2018 4 RLTGX 17	12	SC	2.631,64
OPAS 2017 (070 23102 22699)	2	070 23102 22699	2018 4 RLTGX 17	16	SC	3.956,00
OPAS 2017 (070 23102 22706)	2	070 23102 22706	2018 4 RLTGX 17	16	SC	5.299,99
OPAS 2017 (070 24100 20300)	2	070 24100 20300	2018 4 RLTGX 17	21	SC	932,91
OPAS 2017 (070 24100 22606)	2	070 24100 22606	2018 4 RLTGX 17	21	SC	188,42
OPAS 2017 (070 24100 22699)	2	070 24100 22699	2018 4 RLTGX 17	21	SC	5.049,33
OPAS 2017 (070 24100 22799)	2	070 24100 22799	2018 4 RLTGX 17	21	SC	960,09
OPAS 2017 (070 43100 20300)	2	070 43100 20300	2018 4 RLTGX 17	31	SC	36.568,63
OPAS 2017 (070 43100 22699)	2	070 43100 22699	2018 4 RLTGX 17	31	SC	5.889,84
OPAS 2017 (070 43300 22699)	2	070 43300 22699	2018 4 RLTGX 17	34	SC	10.653,25
OPAS 2017 (080 32000 22501)	2	080 32000 22501	2018 4 RLTGX 17	22	SC	47,77
OPAS 2017 (080 32000 22699)	2	080 32000 22699	2018 4 RLTGX 17	22	SC	83,57
OPAS 2017 (080 32301 22799)	2	080 32301 22799	2018 4 RLTGX 17	22	SC	35.424,48
OPAS 2017 (080 32600 22799)	2	080 32600 22799	2018 4 RLTGX 17	22	SC	10.821,61
OPAS 2017 (090 23104 22609)	2	090 23104 22609	2018 4 RLTGX 17	19	SC	2.899,99
OPAS 2017 (090 31101 22706)	2	090 31101 22706	2018 4 RLTGX 17	15	CE	3.000,00
OPAS 2017 (090 34200 22102)	2	090 34200 22102	2018 4 RLTGX 17	30	SC	474,49
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2						581.717,86
OPAS 2017 (030 92000 35200)	3	030 92000 35200	2018 4 RLTGX 17	43	CE	4.962,47
OPAS 2017 (050 93300 35900)	3	050 93300 35900	2012 4 BASQU 12 1	08	CE	23.575,64
GASTO TOTAL CAPÍTULO 3						28.538,11
OPAS 2017 (040 33400 48901)	4	040 33400 48901	2018 4 RLTGX 17	23	SC	786,50
OPAS 2017 (060 32302 45390)	4	080 32302 45390	2018 4 RLTGX 17	22	CE	144.450,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 4						145.236,50
OPAS 2017 (040 33800 62300)	6	040 33800 62300	2018 4 RLTGX 17	29	SC	4.356,00
OPAS 2017 (040 33800 62500)	6	040 33800 62500	2018 4 RLTGX 17	29	CE	11.238,77
OPAS 2017 (050 15320 61900)	6	050 15320 61900	2018 4 RLTGX 17	09	SC	62.355,65
OPAS 2017 (050 15321 60900)	6	050 15321 60900	2009 3 URBAN 1 1	09	CE	32.937,91
OPAS 2017 (050 15321 61900)	6	050 15321 61900	2018 4 RLTGX 17	09	CE	45.274,29
OPAS 2017 (050 93300 60000)	6	050 93300 60000	2012 4 BASQU 12 1	08	CE	194.334,00
OPAS 2017 (100 45400 61900)	6	100 45400 61900	2018 4 RLTGX 17	35	SC	90.807,22
GASTO TOTAL CAPÍTULO 6						441.303,84
OPAS 2017 (060 16100 82190)	8	060 16100 72300	2014 2 EDAR 44	10	CE	433.995,50
GASTO TOTAL CAPÍTULO 8						433.995,50
TOTAL XERAL DE OPERACIÓNS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (413)						1.890.450,06
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2017 - APLICACIÓN 87000						

É necesario, polo tanto, habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, suplemento de crédito por unha contía de **996.549,83 €**, e crédito extraordinario por unha contía de **893.900,23 €** para dar cobertura ao saldo actual de obrigas pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2017 (facturas en situación de OPA contabilizadas na conta 413).

- Aplicación do RLT para GX para atender os pagos pendentes de aplicar ao orzamento (PPA) (pagos en conta contabilizados na conta 555) a 31/12/2017.

En relación a esta segunda aplicación do RLT para GX cabe facer as seguintes consideracións:

1.- Do monto total que reflicte o documento de liquidación do orzamento do exercicio 2017 (10.295,16 euros), xa foron regularizados pagos no exercicio vixente por importe de 1.836,04 euros, polo que a habilitación de crédito que corresponde aprobar para atender o saldo real de PPA a data actual como segunda aplicación do RLT para GX é de 8.459,12 euros.

2.- Con base nas consideracións anteriores, a proposta de aplicación con carácter prioritario do RLT para GX correspondente á liquidación do orzamento 2017 para atender os PPA recollidas a 31/12/2017 na conta 555 é a seguinte:

DENOMINACIÓN	CAP.	APLICACIÓN	PROXECTO	CX	TIPO MC	IMPORTE
PPA 2017 (030 92000 22103)	2	030 92000 22103	2018 4 RLTGX 17	40	SC	7.405,84
PPA 2017 (030 93200 22699)	2	030 93200 22699	2018 4 RLTGX 17	45	SC	553,28
PPA 2017 (060 92000 22604)	2	060 92000 22604	2018 4 RLTGX 17	42	SC	500,00
GASTO TOTAL CAPÍTULO 2						8.459,12
TOTAL PAGOS PENDENTES DE APLICAR AO ORZAMENTO (555)						8.459,12
FINANCIAMENTO RLT para GX DO EXERCICIO 2017 - APLICACIÓN 87000						

É necesario, polo tanto, habilitar crédito a través dun expediente modificativo de crédito, suplemento de crédito, por un importe total de **8.459,12 €** para dar cobertura ao saldo de pagos pendentes de aplicar ao orzamento a 31/12/2017 (pagos en conta contabilizados na conta 555).

III. PROPOSTA

